

MEMORIAL

JUANJO AMOEDO

**27 FESTIVAL  
INTERNACIONAL  
DE TÍTERES DE  
REDONDELA  
11-17 maio 2026**



**Exposición: Os Monicreques de Kukas.** Galicia  
Multiúsos da Xunqueira do 8 ao 21 de maio. Inauguración día 8 ás 17.30h.

**Exposición: "Voces de Gaza" Mahdí Karera e Khoyout Theatre.** Palestina  
Antigo Kiosko Cocó días 16 e 17 de 12.00h.-14.00h./17.00h.-20.00h.

**Certame: "Redondela, mira para ela"**

Novo certame do Festival onde as persoas participantes poden crear e transmitir o seu sentir polo Teatro de Monicreques, creando recunchos onde os monicreques sexan protagonistas.

## ~ ~ ~ ~ ~ CAMPAÑA ESCOLAR ~ ~ ~ ~ ~

**Luns, 11 de maio**.....  
10.30h. e 12.00h. Auditorio Piñeirál do Crego. Títeres Alakrán. Galicia  
Obra: "A Cuba!" +6

**Martes, 12 de maio**.....  
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. Coriolis Teatro. Uruguai  
Obra: "Trapos" +8

**Mércores, 13 de maio**.....  
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. Jordi Bertran. Cataluña  
Obra: "Clàssics" +6

**Xoves, 14 de maio**.....  
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. Títeres Babaluva. Galicia  
Obra: "A filla do Cacharulo" +4

## ~ ~ ~ ~ ~ PROGRAMACIÓN DE SALA ~ ~ ~ ~ ~

**Luns, 11 de maio**.....  
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Tanxarina Títeres. Galicia  
Obra: "A Biblioteca Galáctica contra a IA Fantástica" +5

**Martes, 12 de maio**.....  
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Les Hommes Sensibles. Francia  
Obra: "Barco" +8

**Mércores, 13 de maio**.....  
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Coriolis Teatro. Uruguai  
Obra: "Trapos" +8

**Xoves, 14 de maio**.....  
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Jordi Bertran. Cataluña  
Obra: "Point" +9

**Venres, 15 de maio**.....  
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Arteria Producciones. Aragón  
Obra: "Gloria Bendita" +14

**Sábado, 16 de maio**.....  
20.00h. Auditorio da Xunqueira. Teatro dei Piedi. Italia  
Obra: "Érase unha vez... dous pés!" +6

**Domingo, 17 de maio**.....  
19.00h. Auditorio da Xunqueira. Jordi Bertran. Cataluña  
Obra: "Clàssics" +6

## ~ ~ ~ ~ ~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~ ~ ~ ~ ~

### Sábado, 16 de maio

- 12.00h. Palco da Música. "Vacacións no mar" Mircromina Títeres. 45'. Galicia
- 13.00h. Alameda. "El último tren" Maia Títeres. 40'. Arxentina
- 17.00h. P. de Ponteareas. "Un mar de xogos" Bico de Toupa. Espazo lúdico. Galicia. Até 20.30h.  
P. da Xunqueira. "Los títeres" Galiot Teatre. Instalación. Cataluña. Até 20.30h.  
Palco da Música. "Barriga Verde" Títeres Alakrán. 45'. Galicia 🗎
- 18.00h. Alameda. "El último tren" Maia Títeres. 40'. Arxentina  
Campo da Ra. "As aventuras de Pituquito" Trécola Producións. 30'. Galicia  
P. do Concello. "Teatro Tuk-Tuk: o vaqueiro que non mentía" Lafontana. 60'. Portugal
- 18.30h. Salgueiral. "Títeres a cielo abierto" Manu Mansilla. 45'. Arxentina
- 19.00h. Casa da Torre. "The Puppet Circus" Alauda Teatro. 60'. Castela León  
Alameda. "El último tren" Maia Títeres. 40'. Arxentina 🗎  
Soportais. The Turre's Band. Música. 45'. Galicia
- 19.30h. Palco da Música. "Barriga verde" Títeres Alakrán. 45'. Galicia  
Campo da Ra. "As aventuras de Pituquito" Trécola Producións. 30'. Galicia
- 20.00h. Salgueiral. "Títeres a cielo abierto" Manu Mansilla. 45'. Arxentina
- 21.00h. Soportais. The Turre's Band. Música. 45'. Galicia

### Itinerantes.....

- 17.00h. Soportais-Ribeira. "Agostinho e Felicidade" Boca de Cão. 30'. Portugal
- 18.00h. C. Sampedro-Ribeira. "Los Extintos" El Sindicato de Monstruos. 30'. Cataluña
- 18.30h. Alfonso XII-Ribeira. "Agostinho e Felicidade" Boca de Cão. 30'. Portugal
- 19.00h. C. Sampedro-Ribeira. "Los Extintos" El Sindicato de Monstruos. 30'. Cataluña
- 20.00h. P. da Constitución-Alfonso XII. "Tambores de feu" Deabru Beltzak. 60'. País Vasco

### Domingo, 17 de maio. Día das Letras Galegas

- 11.00h. Acto institucional do Día das Letras Galegas
- 11.45h. Ruada "De flor en flor... ou a fantástica viaxe do invisible"  
Esta ruada parte da premisa de mesturar contorna e participación. Unha romaría itinerante onde quedades convidados/as a vir vestidos/as de calquera insecto ou becho, sempre que poña de manifesto a polinización, un proceso esencial realizado principalmente por abellas, bolboretas, colibrís ou morcegos sendo clave para a sostibilidade do Planeta. Saída: A Fonte do Mouro.  
Unha produción de Xente Titiriteira coa colaboración de El Sindicato de Monstruos, The Turre's Band e Troula.
- 12.00h. P. de Ponteareas. "Un mar de xogos" Bico de Toupa. Espazo lúdico. Galicia. Até 14.00h.  
P. da Xunqueira. "Los títeres" Galiot Teatre. Instalación. Cataluña. Até 14.00h.
- 12.30h. P. do Concello. "Teatro Tuk-Tuk: o vaqueiro que non mentía" Lafontana. 60'. Portugal
- 13.00h. Palco da Música. "A Cuba!" Títeres Alakrán. 45'. Galicia  
Alameda. "El último tren" Maia Títeres. 40'. Arxentina 🗎
- 13.30h. Soportais. The Turre's Band. Música. 30'. Galicia
- 17.00h. P. de Ponteareas. "Un mar de xogos" Bico de Toupa. Espazo lúdico. Galicia. Até 20.00h.  
P. da Xunqueira. "Los títeres" Galiot Teatre. Instalación. Cataluña. Até 20.30h.  
Alameda. "El último tren" Maia Títeres. 40'. Arxentina
- 17.30h. P. do Concello. "Teatro Tuk-Tuk: o vaqueiro que non mentía" Lafontana. 60'. Portugal  
Campo da Ra. "As aventuras de Pituquito" Trécola Producións. 30'. Galicia
- 18.00h. Salgueiral. "Títeres a cielo abierto" Manu Mansilla. 45'. Arxentina  
Palco da Música. "A Cuba!" Títeres Alakrán. 45'. Galicia 🗎
- 18.30h. Casa da Torre. "The Puppet Circus" Alauda Teatro. 60'. Castela León
- 19.00h. Alameda "El último tren" Maia Títeres. 40'. Arxentina  
Campo da Ra. "As aventuras de Pituquito" Trécola Producións. 30'. Galicia  
Soportais. Brassica Rapa. Música. 45'. Galicia .
- 19.30h. Palco da Música. "A Cuba!" Títeres Alakrán. 45'. Galicia
- 20.00h. Salgueiral. "Títeres a cielo abierto" Manu Mansilla. 45'. Arxentina
- 21.00h. Soportais. Brassica Rapa. Música. 45'. Galicia

### Itinerantes.....

- 17.00h. Soportais-Ribeira. "Agostinho e Felicidade" Boca de Cão. 30'. Portugal
- 18.00h. C. Sampedro-Ribeira. "O estraño caso do dentista da rúa Brasov" Troula. 60'. Galicia
- 19.00h. Ribeira-Alfonso XII. "Los Extintos" El Sindicato de Monstruos. 30'. Cataluña  
Alfonso XII-Ribeira. "Agostinho e Felicidade" Boca de Cão. 30'. Portugal
- 20.00h. P. da Constitución-Ribeira. "Tambores de feu" Deabru Beltzak. 60'. País Vasco

O espazo Campo da Ra está situado na rúa Salgueiral, 11.

Intérprete de lingua de signos 🗎

### Mercadiño Titiriteiro

Postos arredor do mundo dos monicreques.  
Días 16 e 17 de maio. Na Alameda de 11.00h. a 22.30h.

### Escenarios de rúa e itinerantes

De balde e sen entrada. Acudir ás representacións con marxe de tempo para coller sitio.  
Se fose necesario pola climatoloxía todas as actuacións se farían nas carpas.

### Billeteira anticipada e camisetas

Lugar: Multiúsos da Xunqueira. Prezo único da entrada: 7 euros.  
Días e horarios: Venres, 8 de 17.00h. a 20.30h.  
Sábado, 9 de 12.00h. a 14.00h. (só camisetas) e de 17.00h. a 20.30h.  
Domingo, 10 de 12.00h. a 14.00h. e de 17.00h. a 20.30h.

### Horarios durante o Festival

Horario da billeteira: Luns a sábado de 18.00h. a 20.00h./Domingo de 18.00h. a 19.00h.  
Horario posto de camisetas: luns a venres de 18.00h. a 21.30h./Sábado de 12.00h. a 14.00h. e de 17.00h. a 21.30h./Domingo de 13.00h. a 14.00h. e de 17.00h. a 21.00h.

Organiza

Patrocinan



fitredondela.com





## Exposición "Os Monicreques de Kukas"

A compañía galega Os Monicreques de Kukas proponnos nesta exposición un percorrido polo seu universo creativo presentando parte das súas montaxes máis icónicas como "Don Gaiferos 2021", "O Kikirixote!" ou "Réquiem dun monicreque".

Os Monicreques de Kukas nace en 1979 da man de Marcelino Kukas e Isabel Rei, sendo a primeira compañía de teatro con obxectos contemporánea galega.

Nestes 44 anos de existencia o seu traballo céntrase na investigación e creación de novos prototipos de monicreques.

Multiúsos da Xunqueira do 8 ao 21 de maio.  
Inauguración día 8 ás 17.30h.



## Tanxarina Títeres (Galicia)

Tanxarina Títeres é unha compañía de referencia a nivel nacional no ámbito do teatro de monicreques. Fundada en 1983, dedícase á creación, produción e distribución de espectáculos dirixidos a todo tipo de públicos: infantil, xuvenil e familiar. O seu traballo caracterízase pola combinación de diversas técnicas de animación de monicreques co labor actoral dos propios manipuladores.

**"A Biblioteca Galáctica contra a IA Fantástica"**  
(manipulación directa e actores) 50'

Ataulfo, o rato que coida da Biblioteca Galáctica, descobre que unha ameaza pende sobre os personaxes dos libros infantís. Poderán o rato bibliotecario, Ramón Lamote e Sara enfrontarse ao malvado profesor Smith e á súa intelixencia artificial fantástica?

Unha comedia trepidante chea de sorpresas, música e humor que é unha adaptación teatral da obra de Carlos Labraña.

Premio María Casares 2026

Luns 11 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+5 anos)





## Les Hommes Sensibles (Francia)

Les Hommes Sensibles é unha compañía de circo que mestura acrobacia, danza, teatro de obxectos, música, cultura hip-hop e maxía nun sentido amplo, moi amplo. Os seus artistas teñen diferentes sensibilidades e xuntos convértense en forza. O seu nome fai referencia á evolución contemporánea da virilidade, onde o home, nunha crise de identidade, simplemente volve ser un home de significado, poético, un Home Sensible.

**"Barco"** (animación de obxectos e circo) 50'

Barco é esa parte do neno que quedou atrapado dentro do adulto e que se aferrou a unha doce rabia pola vida. Os adultos adoitan esquecer o neno que foron, o neno que levan dentro. Que queda del? Unha obra intimista cunha linguaxe contemporánea que deixará pegada.

Martes 12 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+8 anos)



## Coriolis Teatro (Uruguai)

A compañía Coriolis fúndase no Uruguai no 2014 co propósito de investigar, experimentar e producir espectáculos de teatro visual e de obxectos con perfil teatral, en diversas técnicas e linguaxes.

**"Trapos"** (manipulación directa e outras técnicas) 45'

A obra desenvólvese no transcurso dun ano. As estacións sucédense arredor dun banco de praza. Nel, tres octoxenarios/as e un can sen escrúpulos son partícipes de situacións onde deben loitar por convivir en harmonía, pero neste ámbito cotián de problemas e conflitos simples, preséntase un problema maior co que teñen que lidar, a morte. Os/as anciáns e o can tentan evadila, fuxirle, ignorala e confrontándoa para poder seguir.

Martes 12 ás 10.30h. e 12.00h. Campaña Escolar  
Mércores 13 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+8 anos)





## Jordi Bertran (Cataluña)

En 1977 Jordi Bertran coincidiu cun grupo de titiriteiros da Barceloneta, o "Grupo Taller de Marionetas" dirixido por Pepe Ota, descubriendo así o poder de fascinación e a capacidade de comunicación dos monicreques.

En 1987 funda a súa propia compañía coa intención de difundir a arte do monicreque, converténdose nunha das máis recoñecidas e prestixiosas do mundo.

"Point" (manipulación directa) 45'

**ESTREA**

Un día o meu mestre de marionetas, díxome: "Jordi, xa vou vello, pronto partirei. Pero antes, gustaríame deixarche en herdanza a miña última creación, cunha condición: terás que incorporalo ao teu repertorio e representalo para o teu público, así o meu espírito seguirá presente". "Para min será unha grande honra", respondín. E así foi como o meu mestre me ensinou o seu último espectáculo. Consistía en catro historias, moi sinxelas, creadas con tan só dúas mans, unha vella guitarra e algúns puntos brancos.

Xoves 14 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+9 anos)

"Clàsics" (marionetas de fío) 45'

Esta é unha selección dalgúns dos mellores números de monicreques creados por Jordi Bertran ao longo da súa longa e distinguida carreira como titiriteiro.

Un espectáculo de cabaré onde diferentes personaxes da súa compañía comparten escenario por primeira vez, cativando e conmovendo o público co seu humor, xestos, movementos e conflitos.

Un espectáculo abraintado cheo desa maxia que só teñen as marionetas de fío.

Mércores 13 ás 10.30h. e 12.00h. Campaña Escolar  
Domingo 17 ás 19.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)





## Arteria Producciones (Aragón)

Compañía creada en 2022 por Josean Mateos que mostra un estilo propio coa fusión do teatro de actor e a manipulación de monicreques a escala real, desenvolvendo un estilo único cun proxecto baseado no actor creador.

**"Gloria Bendita"** (bunraku e actor) 50'

Un actor novo con pánico escénico e unha vella vedete con síndrome de Dióxenes, comparten piso e precariedade económica. Entre ambos nace unha relación de mutua dependencia que lles fará descubrir que a vida, como o teatro, pode ser unha comedia ou un drama segundo se mire.

Premio Crear Novos Creadores - Aragón 2022  
Premio Santa Isabel de Portugal - Zaragoza 2023

Venres 15 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)



## Teatro dei Piedi (Italia)

Verónica González é a fundadora de Teatro dei Piedi, unha muller apaixonada polo teatro que arranca a súa carreira en Bos Aires para logo migrar a Italia. Concibe o teatro como unha ferramenta social capaz de unir persoas máis aló das fronteiras do idioma, a idade e as ideas políticas ou relixiosas.

**"Érase unha vez...dous pés!"** (Títeres corporais) 50'

Unhas marionetas de carne e óso, que nacen dos pés e das pernas da artista, interpretan historias divertidas acompañadas dunha rica banda sonora mentres entrelazan escenas cheas de poesía, ritmo e humor. Unha experiencia divertida e poética que emocionará dende a cabeza... até os pés.

Premio Traxectoria La Luna è Azzurra - Italia 2018  
Mellor Espectáculo Estranxeiro - Arxentina 2019  
Premio Silvano d' Oro á Mellor Títriteira - Italia 2022  
Mellor Espectáculo Estranxeiro para Crianzas - China 2025

Sábado 16 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)





## Títeres Alakrán (Galicia)

O actor e escultor Borxa Insua, construtor e manipulador de monicreques, desenvolve en Títeres Alakrán espectáculos propios que abranguen distintas técnicas.

"A Cuba!" (títeres de luva) 45'

Unha produción que xoga cos personaxes do teatro bufo cubano (o galego, a mulata e o negriño) para contar a historia dun galego que emigra a Cuba a principios do século pasado.

Luns 11 ás 10.30h. e 12.00h. Campaña Escolar  
Domingo 17 ás 13.00h., 18.00h. e 19.30h. Palco da Música

"Barriga Verde" (títeres de luva) 45'

Inspirado nas rutinas que facía Xosé Silvent na súa famosa barraca a principios do século XX. Barriga Verde é o monicreque popular de Galiza, representando co seu humor a idiosincrasia galega. Títeres Alakrán recupera a súa figura adaptándoa ao mundo contemporáneo.

Sábado 16 ás 17.00h. e 19.30h. Palco da Música



## Títeres Babaluva (Galicia)

Compañía creada por Mirari e Larraitx Urruzola, con máis de 20 anos de traxectoria na produción de espectáculos de monicreques para público infantil.

"A filla do Cacharulo" (títeres e música ao vivo) 45'

Sardiñas, rodaballos, peixes abisais, caranguexos e troitas son a especialidade da casa. Para atraer a clientela, Mirari animará o posto contando historias sobre o mar, acompañada da soprano Merran Laginestra. Esta obra nárranos historias como "Quen moito quere todo perde", "A raposa e o caranguexo" e "O peixe luminoso" de Italo Calvino. O espectáculo denuncia os excesos do desenvolvemento occidental que puxeron en perigo os fundamentos da vida no noso planeta.

Xoves 14 ás 10.30h. e 12.00h. Campaña Escolar





## Manu Mansilla

y su Teatro de Títeres Anticostumbriستا (Argentina)

Compañía de títeres fundada en Bos Aires por Manu Mansilla no 2008 fronte á necesidade de contar, transmitir e entender novas ideas e formas de ver a vida a través do teatro de monicreques.

**"Títeres a cielo abierto"** (varilla, mesa e bocóns) 45'

A función propón tres historias coa participación de tres personaxes entrañables que xogarán co público nunha conversa directa e activa. Conforman este tolo elenco: un monstro chamado Benigno Escalante, un canalla toutizo chamado Perigo e Luis, un moneco que intenta poñerse da cordo sobre quen manda: el ou o titiriteiro. Humor, participación, improvisación, tolería sen esquecer ese chisco xusto de tenrura.

Sábado 16 ás 18.30h. e 20.00h. Salgueiral

Domingo 17 ás 18.00h. e 20.00h. Salgueiral



## Deabru Beltzak (País Vasco)

A compañía Deabru Beltzak formouse en 1996 a partir dunha reunión de cómicos de diferentes compañías profesionais que compartían a paixón polo espectáculo de rúa. Esta compañía de renome internacional está a experimentar cun obxectivo claro: recuperar a rúa coma espazo vivo.

**"Tambores de feu"** (teatro de rúa. Itinerante) 60'

Aker, o demo do aquelarre, deambula polas rúas. El e o seu séquito de percusionistas percorren vilas e cidades. Un espectáculo de música en directo, pirotecnia e grandes efectos especiais. Nunha man o tambor e na outra a provocación, os tambores vibran, as rúas ilumínanse.

Sábado 16 ás 20.00h. Praza da Constitución-Alfonso XII

Domingo 17 ás 20.00h. Praza da Constitución-Ribeira





## Lafontana - Formas Animadas (Portugal)

---

Lafontana - Formas Animadas é unha compañía de teatro de Vila do Conde dedicada á creación e presentación de espectáculos mediante formas animadas (monicreques, máscaras, teatro de sombras etc.), realizando tamén actividades de formación e investigación nesta área.

**"Teatro Tuk Tuk: o vaqueiro que non mentía"**  
(varias técnicas) 60'

O Teatro Tuk-Tuk é unha estrutura teatral móbil de grande impacto visual, que utiliza como referencia elementos históricos asociados ao teatro de rúa e vehículos urbanos icónicos. Esteticamente está inspirada nos xoguetes tradicionais e no universo decorativo das velhas latas de galletas e chocolates.

Sábado 16 ás 18.00h. Praza do Concello

Domingo 17 ás 12.30h. e 17.30h. Praza do Concello



## Alauda Teatro (Castela León)

---

Foi fundada por Rafael Benito, graduado pola Escola Superior de Arte Dramática de Madrid, e Isabel Sobrino, violonchelista graduada polo Real Conservatorio Superior de Música de Madrid. En 1992 establécense en Salazar (Burgos) onde maduran o seu traballo teatral e onde producen os seus espectáculos.

**"The Puppet Circus"** (marionetas de fío e actor) 60'

"The Puppet Circus" é unha obra ambientada no mundo do circo onde artistas, trapevistas, malabaristas, funambulistas, faquires e animais adestrados, actúan nun emocionante e divertido espectáculo de monicreques de fío, acompañado tamén polo pallaso Frango e presentado polo gran mestre de cerimoniais Mario Net.

Sábado 16 ás 19.00h. Casa da Torre

Domingo 17 ás 18.30h. Casa da Torre





## Mircromina Títeres (Galicia)

---

Mircromina Teatro de Títeres é unha compañía enfocada ao público infantil e familiar creada por Ton Arenas no ano 2010 e asentada no Laboratorio-Obradoiro de Títeres do Barrio Artesán dos Muíños en Mondoñedo, aberto a visitantes e colaboradores/as.

**"Vacacións no mar"** (títeres de luva) 45'

A Marina encántalle viaxar polo mundo adiante. Un día, Moncho chega ao porto no seu veleiro Ovos con Patacas, pero nun descoído o pirata Olló Virolo tómale prestada a nave e faise ao mar. Unha comedia trepidante onde as rutinas clásicas se mesturan cunha historia chea de poesía e humor.

Sábado 16 ás 12.00h. Palco da Música



## Boca de Cão (Portugal)

---

Boca de Cão xurdiu por amor ás artes plásticas e ao teatro de rúa. Hugo Ribeiro e Muni Joana Domingos fundan a compañía en 2015 co afán de seguir presentando creacións específicas para a rúa e de desenvolver un universo propio de fusión de estética tradicional e contemporánea.

**"Agostinho e Felicidade"** (teatro de rúa itinerante) 30'

Agostinho e Felicidade son unha parella de anciáns tradicional e especial. Saen da súa querida aldea despois de coller flores e plantas medicinais. Fan troco e van ambulantes de aldea en aldea intercambiando o que collen polo que precisan, e ao longo do camiño interactúan co público de xeitos inesperados, transmitindo tenrura, sabedoría e esperanza.

Sábado 16 ás 17.00h. Soportais-Ribeira  
ás 18.30h. Alfonso XII-Ribeira

Domingo 17 ás 17.00h. Soportais-Ribeira  
ás 19.00h. Alfonso XII-Ribeira





## El Sindicato de Monstruos (Cataluña)

Unha formación cun estilo e sinatura únicos, sempre traballando por sorprender e innovar, mesturando a artesanía tradicional coas propostas de vangarda.

"Los Extintos" (teatro de rúa. Itinerante) 30'

"Los Extintos" é un espectáculo itinerante con dous paxaros moi especiais con plumaxe feita de follas de árbores que percorren as rúas creando situacións cómicas e entrañables. Ao longo da súa viaxe intentan transmitir unha mensaxe: é moi importante coidar dos animais.

Sábado 16 ás 18.00h. Casto Sampedro-Ribeira  
ás 19.00h. Casto Sampedro-Ribeira

Domingo 17 ás 19.00h. Ribeira-Alfonso XII



## Maia Títeres (Argentina)

Diego Suárez é actor e titiriteiro formado na Escola Municipal de Actores Titiriteiros e diplomado en Teatro de Monicreques e Obxectos. Ten feito xiras por toda América Latina participando en festivais nacionais e internacionais.

"El último tren" (títeres de luva) 40'

Unha emotiva homenaxe aos pobos que perderon os seus trens, centrada na esperanza e a memoria a través do personaxe de Pablo, un responsable que coida unha estación abandonada, e un neno chamado Mozo, que nunca viu un tren. A obra conecta co público a través da risa e da nostalgia pola historia ferroviaria.

Sábado 16 ás 13.00h., 18.00h. e 19.00h. Alameda  
Domingo 17 ás 13.00h., 17.00h. e 19.00h. Alameda





## Trécola Producións (Galicia)

Marionetas Trécola fórmase no ano 1981 da man de Fernanda Cabrera e Rafael Vázquez. A partir do ano 2006, Ero Vázquez Cabrera faise cargo da compañía xunto a Isa García Coldeira, polo que xa está en mans da segunda xeración.

**"As aventuras de Pituquito"** (títeres de luva) 30'

A veterana compañía incorpora un novo personaxe ao repertorio galego de títeres de cachaporra. A montaxe adapta esta centenaria tradición escénica a tempos actuais e enfronta o seu protagonista con problemas inéditos. Pituquito loitará contra a avaricia, contra quen pretende destruír a natureza ou minguar a liberdade das persoas do mundo mundial.

Sábado 16 ás 18.00h. e 19.30h. Campo da Ra  
Domingo 17 ás 17.30h. e 19.00h. Campo da Ra



## Troula Animación (Galicia)

A compañía Troula cumpriu 20 anos no 2022 facendo animación de rúa. Unha andaina creativa de espectáculos fixos e itinerantes nos que a interacción é a parte fundamental do seu traballo, ofrecendo diferentes temáticas, estilos e propostas.

**"O estraño caso do dentista da rúa Brasov"**  
(teatro de rúa. Itinerante) 60'

A estraña historia dun dentista da Europa do Leste, o doutor Krakmhu Elah, que percorre co seu carramoto vilas e cidades buscando clientes para a súa pequena consulta ambulante.

Domingo 17 ás 18.00h. Casto Sampedro-Ribeira





## Galiot Teatre (Cataluña)

Galiot Teatre dedícase dende 1994 ao mundo dos monicreques. Artesán da madeira, no seu obradoiro constrúe os decorados e os monicreques para as súas diversas producións. Actualmente ofrecen producións en diferentes formatos e tamén contan con varias instalacións únicas para mostrar a linguaxe teatral dos monicreques.

### "Los Títeres" (Instalación temática interactiva)

Un espazo lúdico e creativo con monicreques para familias. Unha grande instalación de 300 metros cadrados, construída con madeira reciclada, con 16 pequenos teatros de monicreques, incluíndo de luva, sombras, de fío, de vara, etc.

Sábado 16 de 17.00h. a 20.30h. Pista da Xunqueira  
Domingo 17 de 12.00h. a 14.00h. Pista da Xunqueira  
de 17.00h. a 20.30h. Pista da Xunqueira



## Bico de Toupa (Galicia)

Bico de Toupa é un colectivo multidisciplinar de creación artesá fundado en Redondela no ano 2017. O colectivo traballa no seu obradoiro de creación mesturando enxeño e artesanía nun intento de propoñer pezas únicas cun sentido estético e que conecten co espectador/a.

### "Un mar de xogos" (instalación de xogos de madeira)

Unha instalación de xogos de madeira como espazo de xogo interxeracional. Brincar, enredar, rebuldar, trebellar son importantes compoñentes do patrimonio cultural inmaterial galego poñendo sempre a imaxinación ao servizo desa sinxeleza que ten o xogo.

Sábado 16 de 17.00h. a 20.30h. Praza de Ponteareas  
Domingo 17 de 12.00h. a 14.00h. Praza de Ponteareas  
de 17.00h. a 20.00h. Praza de Ponteareas





## Brassica Rapa (Galicia)

(Proposta musical) 45'

Brassica Rapa é un grupo de música popular nado a finais do 2017 buscando darlle unha volta ao concepto de charanga. Formado integramente por rapazas, tocan instrumentos de vento, metal e percusión, e crean unha atmosfera alegre coa súa música, de repertorio reconecible e fresco, coa que a festa está asegurada.

Domingo 17 ás 19.00h. e ás 21.00h. Soportais



## The Turre's Band (Galicia)

"A última verbena" (Proposta musical) 45'

The Turre's Band é un grupo galego nado na primavera de 2001 en Torroso (Mos). Músicos de profesión e festeiros de vocación, a formación está composta por ventos e percusións. The Turre's Band propón un innovador repertorio sendo unha banda estimada e imprescindible para este Festival.

Sábado 16 ás 19.00h. e ás 21.00h. Soportais

Domingo 17 ás 13.30h. Soportais



## Ruada

"De floren flor... ou a fantástica viaxe do invisible"

Esta ruada parte da premisa de mesturar contorna e participación. Unha romaría itinerante onde quedades convidados/as a vir vestidos/as de calquera insecto ou becho, sempre que poña de manifesto a polinización, un proceso esencial realizado principalmente por abellas, bolboretas, colibrís ou morcegos sendo clave para a sostibilidade do Planeta.

Unha produción de Xente Titiriteira. Coa colaboración de El Sindicato de Monstruos, The Turre's Band e Troula.

Domingo 17. Saída 11.45h. A Fonte do Mouro



## Títeres pola gorra

A sección do festival que abre as portas a diversas compañías que non queren perder a oportunidade de vir a Redondela para mostrar o seu traballo.

## Mercadiño Titiriteiro-2026

O Festival propón un novo espazo na Alameda de Redondela onde expoñer e vender todo aquilo relacionado co mundo dos monicreques no chamado Mercadiño Titiriteiro.

Celebrarase os días 16 e 17 de maio.



## Exposición "Voces de Gaza" (Palestina)

Estes cinco bonecos saíron de Gaza grazas á colaboración dos médicos dunha ONG. Son monicreques pero tamén son embaixadores/as e testemuñas da barbarie, achegándonos dunha maneira poética a un conflito real que precisa unha solución inmediata.

O títereiro Mahdi Karera non pode saír de Gaza debido ao bloqueio que non llo permite, pero pode ser libre a través da voz dos seus monicreques.

Unha proposta que fala da necesidade de liberdade e paz dos pobos.

Mahdi Karera é o fundador de Khoyout Theatre, unha compañía de marionetas que estaba activa en Gaza antes da guerra e que levaba ledicia ás crianzas.

Organiza representacións nos campos de refugiados/as e espazos públicos, levando o teatro ás familias que, doutro xeito, non terían acceso a experiencias culturais e artísticas.



Antigo Kiosko Cocó. Sábado 16 e Domingo 17 de 12.00h. a 14.00h. e de 17.00h. a 20.00h



## "Redondela, mira para ela"

Novo certame do Festival onde os/as participantes poidan transmitir o seu sentir polo Teatro de Monicreques, creando en recunchos, escaparates ou balcóns pequenas escenas teatrais, dende bodegóns até a colocación de monecos feitos por vós... o que queirades.

Calquera xesto de complicidade será benvido, axudando a dignificar o oficio do titiriteiro/a e tamén ambientando de maneira creativa nas datas do Festival as nosas vidas e a nosa vila.

### **A quen vai dirixido**

Para público en xeral tanto crianzas e familias.

O tecido comercial de Redondela cos seus escaparates.

Todo tipo de centros de ensinanza da comarca.

### **Datas**

Deberanse enviar entre o 11 de abril e o 11 de maio.

O xurado emitirá o fallo o venres 15 de maio.

### **Como participar**

Crea a túa proposta titiriteira e quítalle unhas fotos.

Teremos dúas posibilidades:

- Exteriores, aqueles que se poden ver dende a rúa: escaparates e balcóns.

- Interiores, para quen queiran participar creando a súa titiritada máis íntima.

Debes envialas a: [redondelamiraparaela@gmail.com](mailto:redondelamiraparaela@gmail.com)

Incluír: nome completo e teléfono.

No caso de ser de exterior indicar a dirección.

### **Recoñecementos**

"Ao balcón máis teatreiro". Vale de 100 euros en produtos da rúa

"Ao escaparate máis titiriteiro". Vale de 100 euros en produtos da rúa

"Ao recuncho máis vivo". Vale de 100 euros en material escolar ou libros

"Ao centro máis creativo". Vale de 100 euros en material escolar ou libros